

**ESTATUTOS DO
COLEXIO PROFESIONAL
DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA
DE GALICIA
(CPEIG)**

ESTATUTOS DO COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA

TÍTULO I.- Disposicións xerais.

Artigo 1º.- Natureza xurídica.

1. O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (no sucesivo, o Colexio) é unha corporación de dereito público e de carácter profesional, amparada pola lei, con personalidade xurídica propia, que se rexerá polas leis e disposicións vixentes na materia e polas prescricións dos presentes estatutos.

2. O Colexio ten plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. En consecuencia, e de acordo coa legalidade vixente, pode adquirir, vender, allear, posuír, reivindicar, permutar, gravar toda clase de bens e dereitos, realizar contratos, subscribir convenios, obrigarse e exercer accións e interpor recursos en todas as vías e xurisdicións para o cumprimento dos seus fins.

3. O Colexio funcionará baixo o principio de estrutura interna democrática, independente das administracións públicas, sen prexuízo das relacións de dereito público que con elas lle corresponda.

Artigo 2º.- Relacións coa Administración.

O Colexio, nas cuestións relativas aos aspectos institucionais e corporativos, relaciónase coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Consellería competente en materia de colexios profesionais e, nas cuestións referentes ao contido da profesión ou actividade profesional, coa Consellería competente por razón da materia.

Artigo 3º.- Ámbito territorial e domicilio.

O ámbito territorial do Colexio é o correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia. O seu domicilio e sede establécese no Centro Empresarial Compostela, rúa Fernando III O Santo, 32 baixo, 15701 Santiago de Compostela. A Asemblea Xeral poderá, en todo caso, acordar unha nova sede dentro do ámbito territorial, coa correspondente modificación estatutaria.

Artigo 4º.- Membros do Colexio.

1. O Colexio agrupará obrigatoriamente a todas as persoas españolas e estranxeiras que, por estaren en posesión do título oficial de Enxeñaría en Informática ou Licenciatura en Informática expedido polo Estado, ou dos títulos comunitarios ou estranxeiros que se homologuen a estes, desenvolvan actividades propias da profesión ou exerzan función ou cargo en razón dos devanditos títulos con domicilio profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes serán os chamados membros ou colexiados/as de número.

2. Exceptúase da colexiación obrigatoria a profesionais vinculados coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral, cando o destinatario da súa actuación, ben sexa para o exercicio de funcións puramente administrativas, ben para a realización de actividades propias da profesión por conta da Administración á que pertenza, sexa esa Administración.

3. Os membros xubilados poderán seguir pertencendo ao Colexio, de pleno dereito, sen que para iso sexa necesario satisfacer as cotas colexiais de carácter obrigatorio.

4. O Colexio contempla tamén os membros ou colexiados/as de honra, que serán aquelas persoas, pertencentes ou non á profesión, que lle rendan ou renderan servizos destacados a este ou á profesión. Este título será outorgado, mediante acordo da Asemblea xeral, a proposta da Xunta de Goberno.

5. De conformidade co disposto no artigo 2.3º da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, abondará coa colexiación nun só colexio territorial, que será o do domicilio profesional único ou principal. O exercicio no ámbito territorial doutro colexio

diferente ao de adscrición deberá comunicarse mediante o procedemento que se regula no artigo 12 destes estatutos.

6. Poderanse dar de alta como pre-colexiadas as persoas que estean cursando os estudos de Enxeñaría en Informática e teñan acadado un mínimo do 80 por cento dos créditos.

a) Terán todos os dereitos do/da colexiado/a, excepto:

- Posibilidade de participación en órganos de goberno.
- Voto nas asembleas.
- Todos aqueles que para a súa utilización requiran da posesión da titulación e o Colexio poña a disposición dos/das colexiados/as para o desenvolvemento da súa profesión como titulados/as. Todo iso con base ao regulamento interno e ás decisións do goberno do colexio.

b) Terán tamén todos os deberes do/da colexiado/a, excepto aqueles relacionados co desenvolvemento da profesión como titulados/as.

c) Deberán xustificar anualmente e cando o Colexio o requira a continuidade da situación que o/a habilita como pre-colexiado/a.

d) Terán a obriga de notificar, nun prazo dun mes, a baixa da condición que o/a habilita como pre-colexiado/a.

Artigo 5º.- Fins.

1. Son fins esenciais do Colexio os que a título enunciativo e non limitativo se relacionan deseguido:

a) A ordenación, no ámbito da súa competencia e de acordo co establecido polas leis, do exercicio da profesión da Enxeñaría en Informática en todas as súas formas e especialidades, a representación exclusiva desta profesión e a defensa dos intereses profesionais dos titulados/as.

b) Velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de Enxeñaría en Informática, mediante a promoción, salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e éticos da profesión e da súa dignidade e prestixio.

c) Lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos/das colexiados/as, mediante a promoción e fomento do progreso das actividades propias da profesión, da investigación, do establecemento e uso de estándares e do desenvolvemento e innovación científica e técnica, así como da solidariedade profesional e do servizo da profesión á sociedade.

d) Cooperar na mellora dos estudos que conducen á obtención do título de Enxeñaría en Informática para obter o máximo nivel intelectual, cultural e de aplicación da Enxeñaría en Informática, polo que favorecerá as ensinanzas técnicas profesionais de investigación relacionadas coa carreira, facilitará a formación de técnicos/as aptos/as para as súas diversas funcións e promoverá o entendemento entre os centros de ensino e as empresas.

e) Colaborar coas administracións públicas na consecución dos dereitos individuais e colectivos da profesión recoñecidos pola Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia aos colexios profesionais.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo das competencias das administracións públicas por razón da relación funcionarial.

3. O cumprimento dos devanditos fins desenvolverase no ámbito estritamente profesional; quedan excluídas aquelas actividades que a Constitución atribúe especificamente aos partidos políticos, aos sindicatos e a outras asociacións.

Artigo 6º.- Funcións.

Para o cumprimento dos devanditos fins, O Colexio exercerá as funcións encomendadas na lexislación estatal e autonómica e, como propias, as seguintes:

- a) Facilitarlles aos seus membros o exercicio da profesión, procurando a irmandade entre todos eles.
- b) Asesorar as administracións públicas, corporacións oficiais e persoas ou entidades particulares en todos aqueles asuntos que directa ou indirectamente afecten á profesión ou aos/ás colexiados/as, realizando estudos, emitindo informes, resolvendo consultas, redactando pregos de condicións técnicas e económicas, actuando en arbitrxes e demais actividades relacionadas cos seus fins que puidesen solicitarlles ou por iniciativa propia.
- c) Emitir un informe, cando así se lle requira, sobre os proxectos de lei e as disposicións de calquera rango que teñan incidencia na actividade da Enxeñaría en Informática ou que se refiran, ben ás condicións xerais da función profesional da mesma e á súa correlación con outras profesións ou co ensino, ben ás súas atribucións, aos seus honorarios orientativos ou ao réxime de incompatibilidades.
- d) Exercer a representación que establezan as leis para o cumprimento dos seus fins e, especialmente, a representación e defensa da profesión ante calquera administración pública, institución, tribunal, entidade e particular, podendo exercitar o dereito de petición conforme á Lei e propoñer cantas reformas lexislativas estime xustas para a defensa da profesión.
- e) Participar, cando lle sexa requirido, nos consellos ou organismos consultivos das distintas administracións públicas en materia da súa competencia profesional, cando as súas normas reguladoras o permitan, así como estar representado nos órganos de participación social existentes.
- f) Participar, cando así se lle requira, na elaboración dos plans de estudo das ensinanzas universitarias ou de formación profesional que teñan relación coas actividades propias da profesión e emitir un informe sobre a posible creación de escolas universitarias de Enxeñaría en Informática, mantendo contacto con estas, e preparar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional dos novos titulados e tituladas. Esta participación non terá en ningún caso carácter vinculante.
- g) Estar representados, se é o caso, nos consellos sociais das universidades onde se impartan os estudos de Enxeñaría en Informática, de conformidade co que estableza a lexislación aplicable.
- h) Cooperar coa Administración de xustiza e demais organismos oficiais na designación de colexiados/as que puidesen ser requiridos/as para realizar informes, ditames, taxacións, peritaxes ou outras actividades profesionais, para o que se facilitará periodicamente e sempre que o soliciten, a relación de colexiados/as dispoñibles para estes efectos.
- i) Colaborar coa Administración xeral do Estado e administracións autonómicas na realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle sexan solicitadas ou decida formular por iniciativa propia.
- j) Ordenar, no ámbito das súas atribucións, a actividade profesional dos seus membros, que deberá realizarse en réxime de libre competencia e suxeitarse, en canto á oferta de servizos e á fixación da súa remuneración, á Lei sobre defensa da competencia e á Lei sobre competencia desleal. Así mesmo, velar pola ética, a deontoloxía e a dignidade profesional e polo debido respecto aos dereitos dos particulares, exercendo, se é o caso, a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.
- k) Establecer baremos de honorarios, que terán carácter simplemente orientativo. Os acordos, decisións e recomendacións con transcendencia económica observarán, inescusablemente, os límites da Lei sobre defensa da competencia e a Lei sobre a competencia desleal.
- l) Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais de traballos previamente visados, só por petición libre e expresa dos/das colexiados/as, nas condicións que se determinen nestes estatutos ou na correspondente normativa do Colexio, así como comparecer ante os tribunais de xustiza, por substitución destes, exercitando as accións procedentes en reclamación dos honorarios reportados polos mesmos no exercicio da profesión.
- m) Impedir e, se é o caso, denunciar ante a Administración, e incluso perseguir ante os tribunais de xustiza, todos os casos de intrusismo profesional que afecten á Enxeñaría en Informática e ao exercicio da profesión.

- n) Intervir, de xeito voluntario e pola vía da conciliación ou arbitraje, nas cuestións que por motivos profesionais se susciten entre os seus membros.
- o) Resolver por laudo, a instancia das partes interesadas, as discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigas dimanantes dos traballos realizados polos/polas colexiados/as no exercicio da profesión.
- p) Realizar os recoñecementos de visado de proxectos, informes, ditames, valoracións, peritaxes e demais traballos efectuados polos seus membros no exercicio da súa profesión, de conformidade co establecido no artigo 15º, así como editar e distribuír impresos dos certificados oficiais que para esta función aproben os órganos de goberno.
- q) Manter un activo e eficaz servizo de información sobre os postos de traballo que poden desenvolver os/as enxeñeiros/as en Informática co fin de conseguir unha maior eficacia no seu exercicio profesional.
- r) Emitir informes nos procedementos xudiciais ou administrativos nos que se discutan honorarios.
- s) Organizar actividades e servizos comúns de interese para os/as colexiados/as, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e de previsión.
- t) Cumprir e facerlles cumprir aos/ás colexiados/as os estatutos, así como as normas e acordos adoptados polos órganos de goberno en materia da súa competencia.
- u) Exercer a potestade disciplinaria, así como autorizar a cancelación das sancións.
- v) Todas as outras funcións que lle sexan atribuídas polas disposicións vixentes e que beneficien aos intereses profesionais dos seus membros ou da profesión.

Artigo 7º.- Do uso do galego.

1. O galego é o idioma propio do Colexio. O castelán é tamén lingua oficial.
2. De acordo co artigo 4 da Lei 10/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, o Colexio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións internas e externas.

TÍTULO II.- Dos/das colexiados/as.

Capítulo I.- Adquisición, denegación e perda da condición de colexiado/a.

Artigo 8º.- Colexiación.

1. É requisito indispensable para o exercicio da profesión de Enxeñaría en Informática atoparse incorporado ao colexio correspondente. Para exercer en todo o territorio do Estado bastará a pertenza a un só dos colexios de Enxeñaría en Informática. Este será o do domicilio único ou principal do profesional; ou, no seu defecto, o do lugar onde se desenvolva efectivamente a profesión.
2. Para ser colexiado/a:
 - a) Estar en posesión do título universitario oficial de Enxeñaría en Informática ou Licenciatura en Informática, ou ben do título estranxeiro equivalente, sempre que, en virtude de convenio de reciprocidade entre ambos os países, o Goberno de España lles outorgue aos devanditos titulados a autorización expresa para poderen exercer a profesión de Enxeñaría en Informática.
 - b) Non atoparse inhabilitado profesionalmente nin colexialmente como consecuencia de resolución xudicial ou resolución disciplinaria firme.
 - c) Aboar a cota de entrada vixente no Colexio.

- d) Se o solicitante procede doutro colexio territorial, deberá achegar unha comunicación do Colexio de orixe, no que constará que está ao corrente das súas obrigas colexiais, unha certificación de estar en posesión do título oficial de Enxeñaría en Informática ou Licenciatura en Informática expedido polo Estado ou dos títulos comunitarios ou estranxeiros que se homologuen a estes; e probar que non está inhabilitado para o exercicio profesional como consecuencia dunha sanción colexial.
3. Os membros do Colexio aceptan, polo feito de solicitar a súa colexiación, o contido dos presentes estatutos.
4. As peticións de colexiación tramitaranse da forma seguinte:
- a) Toda petición de incorporación ao Colexio deberá formalizarse mediante instancia dirixida ao/á seu/súa presidente/a, acompañada de: orixinal do título profesional ou fotocopia debidamente compulsada, fotocopia do DNI, e a documentación que a Xunta de Goberno estableza. Esta petición resolveraa a Xunta de Goberno no prazo máximo de tres meses dende a súa formulación ou, se é o caso, dende que o/a interesado/a achegue os documentos necesarios ou se corrixa os defectos reparables da petición, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
 - b) Rematado este prazo, mais o que se dea de acordo coa Lei 30/1992, sen que se resolva a solicitude de incorporación ao colexio, poderase entender aceptada esta, nos termos establecidos no artigo 43 da dita lei.
 - c) O Colexio está na obriga de emitir unha certificación acreditativa da aceptación da solicitude de colexiación, por silencio administrativo, cando sexa requirido para iso.

Artigo 9º.- Denegacións.

1. A colexiación poderá ser denegada:
- a) Cando os documentos presentados sexan insuficientes ou ofrezan dúbidas respecto á súa autenticidade.
 - b) Cando o/a petionario/a estea baixo condena imposta polos tribunais de xustiza que leve anexa unha pena accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.
 - c) Cando estea suspendido no exercicio da profesión por outro colexio e non obteña a correspondente rehabilitación.
2. Contra as resolucións denegatorias das peticións de incorporación, que deberán comunicarse ao solicitante de forma debidamente razoada, cabe recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, que deberá interperse no prazo dun mes dende a data de notificación da denegación de incorporación ao colexio.
3. Contra a resolución do devandito recurso, caberá o correspondente recurso contencioso-administrativo, segundo a vixente lei xurisdiccional.

Artigo 10º.- Baixas.

1. Pérdese a condición de colexiado/a en calquera das seguintes circunstancias:
- a) Por petición propia, mediante instancia dirixida ao/á presidente/a do Colexio. Esta petición non eximirá do cumprimento das obrigas que o/a interesado/a contraese anteriormente co Colexio.
 - b) Por pena de inhabilitación para o exercicio profesional por sentenza xudicial firme ou pola resolución firme dun expediente disciplinario que imponha a expulsión do Colexio.
 - c) Por falta do pagamento da cota colexial durante un ano ou doutras achegas establecidas polos

órganos de goberno do Colexio, tras o requirimento de pagamento no prazo de dous meses para o seu aboamento.

2. En todo caso, a perda da condición de colexiado/a polas causas expresadas nos números 1 b) e 1 c) deste artigo deberá ser comunicada por calquera medio en que lle quede constancia ao/á interesado/a, momento no que producirá efecto.

Artigo 11º.- Reincorporación.

1. Cando o motivo da baixa sexa o que dispón o artigo 10.1 a) destes estatutos, o solicitante deberá tramitar unha nova solicitude de admisión, excepto a presentación de documentos referentes á súa titulación e deberá aboar a cota de reincorporación que regulamentariamente estea establecida.

2. Cando o motivo da baixa sexa o que dispón o artigo 10.1 b) destes estatutos, o solicitante deberá acreditar o cumprimento da pena ou sanción que motivou a súa baixa colexial.

3. Cando o motivo da baixa sexa o que dispón o artigo 10.1 c) destes estatutos, o solicitante deberá satisfacer a débeda pendente mais os intereses legais, se procede, dende a data da orde de pagamento daquela.

Artigo 12º.- Colexición única e exercicio en territorio diferente ao da colexiación.

1. O colexiado/a que desexe actuar no ámbito territorial doutro Colexio deberá comunicarllo previamente a este colexio, detallando o lugar e servizo profesional concreto que constituía a actuación.

2. O Colexio comunicará a dita intervención, con anterioridade a esta, ao colexio do ámbito territorial na que se desenvolverá, detallando o nome e apelidos do/da colexiado/a, o domicilio profesional, así como o servizo profesional concreto que constituía a actuación.

3. O Colexio unicamente poderá negarse a expedir a comunicación correspondente se o/a colexiado/a non se atopa ao día das súas obrigas e cargas colexiais, ou se existe algunha causa que o inhabilite para o exercicio da profesión.

4. Unha vez cumprido o trámite anterior, o/a colexiado/a estará facultado/a para a realización do acto profesional. A citada comunicación esgotará os seus efectos co concreto servizo ou acto profesional que constituía o seu obxecto.

5. Os profesionais doutros colexios que actúen na Comunidade Autónoma de Galicia aboarán, nas mesmas condicións que os membros deste colexio, os dereitos económicos correspondentes ao visado dos seus traballos e quedan suxeitos, durante a súa actuación profesional, ao réxime disciplinario vixente neste colexio.

Capítulo II. Dos dereitos e deberes dos/das colexiados/as.

Artigo 13º.- Dereitos.

Son dereitos dos/das colexiados/as:

- a) Actuar profesionalmente en todo o territorio do Estado, de acordo co previsto no artigo anterior.
- b) Ser asistidos/as, asesorados/as e defendidos/as polo Colexio, de acordo cos medios dos que este dispoña e nas condicións que regulamentariamente se fixen, cando se lesionen ou menoscaben os seus dereitos ou intereses profesionais.
- c) Ser representados/as pola Xunta de Goberno do Colexio, cando así o solicite, nas reclamacións, de calquera tipo, dimanantes do exercicio profesional, nos termos que regulamentariamente se fixen.
- d) Empregar os servizos e medios do Colexio, nas condicións que regulamentariamente se determinen.
- e) Participar, como electores/as e como elixibles, en cantas eleccións se convoquen no ámbito colexial;

intervir de forma activa na vida do Colexio; e ser informados/as, informar e participar con voz e voto nas Asembleas xerais do Colexio.

f) Formar parte das comisións ou grupos de traballo que se establezan segundo o regulamento interno ou decisión da Xunta de Goberno.

g) Presentar á Xunta de Goberno escritos con peticións, queixas ou suxestións relativas ao exercicio profesional ou á marcha do Colexio.

h) Gardar o segredo profesional respecto aos datos e á información coñecidos no exercicio profesional.

i) Someter a conciliación ou arbitraje do Colexio as cuestións de carácter profesional que se produzan entre os membros.

j) Asistir aos actos corporativos.

Artigo 14º.- Deberes.

Son deberes dos/das colexiados/as:

a) Exercer a profesión eticamente e cumprindo os preceptos e normas das disposicións vixentes, actuando dentro das normas da libre competencia, con respecto cara aos compañeiros e sen incorrer en competencia desleal.

b) Acatar e cumprir estes estatutos e, en xeral, as normas que rexen a vida colexial, así como os acordos adoptados polos órganos de goberno do Colexio, sen prexuízo dos recursos oportunos.

c) Poñer en coñecemento do Colexio todos os feitos que poden afectar á profesión, tanto particular como colectivamente considerada. A importancia destes feitos pode determinar a intervención corporativa con carácter oficial.

d) Someter ao visado do Colexio toda a documentación técnica ou facultativa que subscriba no exercicio da súa profesión, segundo o disposto no artigo 15º, aboando ao colexio os dereitos económicos que se establezan pola práctica do visado.

e) Comunicar ao Colexio, no prazo de trinta días, os cambios en calquera dato previamente facilitado, especialmente os necesarios para o cumprimento das débedas co Colexio, os de residencia ou domicilio, e calquera outro de contacto.

f) Asistir aos actos corporativos.

g) Aboar, cando sexan emitidas, as cotas e contribucións establecidas polos órganos de goberno do Colexio.

h) Desenvolver con dilixencia e eficacia os cargos para os que fosen elixidos, e cumprir os encargos que os órganos de goberno poidan encomendarlles.

i) Cooperar coa Asemblea xeral e coa Xunta de Goberno, prestando declaración e facilitando información nos asuntos de interese colexial nos que poidan ser requiridos, sen prexuízo do segredo profesional.

j) Gardar o segredo profesional.

k) Dar conta ante o Colexio de quen exerza actos propios da profesión sen posuír o título que o autorice ou de quen non estea colexiado a pesar de posuílo.

l) Proporcionar ao Colexio a documentación ou información persoal e profesional que este requira para a xestión do mesmo e o correcto cumprimento dos seus fins.

Capítulo III. Regulación do exercicio profesional.

Artigo 15º.- Visado de traballos profesionais.

1. Os membros do Colexio atópanse na obriga de someter a visado deste todos os traballos que realicen no exercicio libre da profesión, aboando ao colexio os dereitos de canon de visado. Unha normativa regulará o procedemento de visado.
2. Será necesario, para que o Colexio proceda ao visado do proxecto, informe ou calquera outro traballo profesional, que o membro do colexio que sexa autor ou director facultativo do proxecto subscribira co/coa interesado/a, empresa ou sociedade, unha follas de encargo ou contrato de dirección facultativa. Isto será tamén indispensable para a defensa dos dereitos do/da colexiado/a.
3. En ningún caso o visado comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, que se deixan ao libre acordo das partes; todo isto de conformidade coa lexislación sobre defensa da competencia e competencia desleal.
4. O Colexio esixirá o visado dos traballos profesionais dos seus membros, tanto se actúan de maneira individual como asociada, por conta propia ou contratados ao servizo das empresas, sociedades, etc., que, legalmente constituídas, proxecten, dirixan ou realicen traballos que pertencen ao ámbito competencial da Enxeñaría en Informática.
5. Esta obrigatoriedade de visado faise extensible aos traballos profesionais realizados polos/polas colexiados/as para as administracións públicas, cando estas, total ou parcialmente, remuneren os ditos servizos en concepto de honorarios profesionais.
6. O Colexio velará por que as administracións públicas que deban autorizar ou tramitar un traballo profesional só o admitan se este foi previamente sometido ao trámite de visado correspondente.
7. O visado é un acto colexial de control profesional, que comprende a acreditación da identidade do/da colexiado/a, as súas atribucións para levar a cabo o traballo, a non incompatibilidade do profesional e o non estar suxeito a sanción disciplinaria que impida a súa actuación. Así mesmo, supón a comprobación da suficiencia e corrección externa da documentación integrante do traballo.
8. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, o/a colexiado/a asinante é responsable da calidade técnica do traballo que realiza e do seu axuste á normativa sectorial correspondente. O Colexio unicamente responde da corrección externa da documentación integrante do traballo, pero non das previsións, cálculos e conclusións que o integran.

Artigo 16º.- Publicidade.

Os membros do Colexio evitarán toda forma de competencia desleal e ateranse na súa publicidade ás normas que establezan os órganos de goberno.

TÍTULO III. Organización básica do Colexio

Capítulo I. Dos órganos do Colexio, as súas normas de constitución e funcionamento e as súas competencias.

Artigo 17º.- Órganos de representación.

Os órganos de representación, desenvolvemento normativo, control, goberno e administración do Colexio son:

- Asemblea xeral.
- Xunta de Goberno.
- Presidente/a.

Os acordos da Asemblea xeral e da Xunta de Goberno, que estarán recollidos nas actas das súas reunións, serán efectivos de inmediato, salvo que conteñan pronunciamento en contra da súa entrada en vigor.

Artigo 18º.- A Asemblea xeral.

1. A Asemblea xeral, órgano supremo de expresión da vontade do Colexio, está formada por todos/todas os/as colexiados/as con igualdade de voto, e adoptará os seus acordos polo principio maioritario e en concordancia cos presentes estatutos.
2. Os acordos adoptados obrigan a todos os membros do Colexio, mesmo aos ausentes, disidentes ou aos que se absteñan e incluso aos que recorran contra aqueles, sen prexuízo do que resolvan os tribunais competentes.
3. A Asemblea xeral reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano, no primeiro semestre, para a aprobación das contas, aprobación dos orzamentos e información xeral sobre a marcha do Colexio en todos os seus aspectos.
4. Así mesmo, reunirase con carácter extraordinario cando o considere necesario o/a presidente/a ou a Xunta de Goberno, ou cando o pida coa súa sinatura a terceira parte dos membros do Colexio, especificando o punto ou os puntos da orde do día que desexa que sexan tratados.
5. As sesións de Asemblea xeral ordinaria serán convocadas pola Xunta de Goberno sempre cunha antelación mínima de quince días respecto á data da súa realización, mediante comunicación escrita a todos/todas os/as colexiados/as; a convocatoria incluirá a data, hora e lugar da reunión, así como a orde do día e a información complementaria que se considere oportuna.
6. Todos os membros do Colexio teñen o dereito e o deber de asistir á Asemblea xeral con voz e voto.
7. De acordo co disposto no artigo 6.3 c) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, queda expresamente prohibido adoptar acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día da xunta ordinaria ou extraordinaria de que se trate, sen prexuízo da normativa reguladora dos colexios únicos galegos e dos consellos galegos de colexios profesionais.
8. A Asemblea xeral estará constituída por todos os membros do Colexio que asistan ou se fagan representar por escrito por outro. É necesaria, para a validez dos seus acordos en primeira convocatoria, a concurrencia de máis da metade dos/das colexiados/as entre presentes e representados/as. En segunda convocatoria, que poderá ter lugar nun tempo non inferior a quince minutos despois da anunciada para a primeira, serán válidos os acordos, calquera que sexa o número de asistentes e representados/as, salvo os que requiriran maiorías especiais.

Artigo 19º.- Competencias da Asemblea xeral.

1. A aprobación das actas das súas sesións.
2. A aprobación da memoria anual de actividades presentada pola Xunta de Goberno do Colexio.
3. A aprobación das contas do Colexio do ano anterior e os orzamentos do seguinte.
4. A elección dos membros da Xunta de Goberno e do/da presidente/a, así como a súa remoción por medio da moción de censura, de acordo co especificado no artigo 21º destes estatutos.
5. A fixación da contía da cota de colexiación, así como as cotas ordinarias ou as que con carácter extraordinario, por razóns que o xustifiquen, propoña a Xunta de Goberno.
6. A aprobación da xestión da Xunta de Goberno e do/da presidente/a.
7. A aprobación ou modificación dos estatutos do Colexio e calquera outra normativa que afecte ao seu funcionamento, que en ningún caso poderá vulnerar o estipulado nas normas básicas establecidas nos presentes estatutos; e, no seu caso, o regulamento de réxime interno do Colexio.
8. Tomar acordos sobre a xestión da Xunta de Goberno.

9. Promover a disolución do Colexio, de acordo co que se estableza nos presentes estatutos.
10. Coñecer, discutir e, se é o caso, aprobar todas as propostas que lle sexan sometidas e correspondan á esfera de acción dos intereses do Colexio, pola iniciativa da Xunta de Goberno ou de calquera membro do mesmo, se a súa proposición está avalada como mínimo polo 10 por cento dos membros do Colexio e é presentada con 45 días de antelación á realización da Asemblea xeral ordinaria.
11. Establecer baremos de honorarios profesionais con carácter orientativo.
12. Aceptar ou rexeitar doazóns ou herdanzas.
13. Implantación, supresión ou modificación de servizos corporativos.
14. Todas as demais atribucións que non fosen conferidas expresamente á Xunta de Goberno ou a algún dos cargos colexiais.
15. A Asemblea xeral, a proposta da Xunta de Goberno, poderá nomear, co gallo de premiar a especial dedicación e a súa traxectoria profesional, a un ou varios membros do Colexio, dos en exercicio ou xubilados, para que formen parte da Xunta de Goberno con voz pero sen voto e coa mesma duración que ela.

Artigo 20º.- Funcionamento da Asemblea xeral.

1. As sesións da Asemblea xeral estarán presididas polo/pola presidente/a, acompañado dos demais membros da Xunta de Goberno. En ausencia deste/a, a Asemblea estará presidida polo/pola vicepresidente/a, e en ausencia dos dous polo vogal de máis idade.
2. O/a presidente/a será o moderador/a e coordinador/a da Asemblea, concedendo ou retirando o uso da palabra e ordenando os debates e votacións.
3. Actuará como secretario/a da Asemblea xeral, redactando a acta da reunión, o secretario ou secretaria do Colexio; na súa ausencia, o/a vicesecretario/a; e en ausencia dos dous anteriores, o vogal de menor idade.
4. Todos os membros do Colexio teñen o dereito e o deber de asistir á Asemblea xeral con voz e voto, salvo aqueles que non se atopen no pleno goce dos dereitos colexiais ou os que non estean ao corrente das obrigas económicas.
5. A representación dada a outro membro será de forma expresa para unha sesión determinada e realizarase por medio de escrito dirixido ao/á presidente/a, no que se exprese claramente o nome de quen exercerá a súa representación. Só serán válidas as representacións recibidas pola secretaria antes do día fixado para a Asemblea, ou na mesa presidencial antes de iniciarse a sesión da Asemblea xeral.
6. En ningún caso un membro do Colexio poderá exercer a representación simultánea de máis de tres membros ademais de si mesmo.
7. É potestade do/da presidente/a e da Xunta de Goberno invitar ás sesións da Asemblea xeral, en calidade de asesores ou colaboradores, sen voto, ás persoas que se consideren convenientes.
8. As votacións poderanse efectuar a man alzada ou secretamente mediante papeleta normalizada, debendo ser esta aprobada pola Asemblea xeral. As votacións efectuaranse mediante papeleta con tal que o pida un dos/das colexiados/as asistentes ou cando a decisión afecte a persoas concretas.
9. As maiorías que poden producirse son:
 - a) Maioría simple: cando o número de votos nun sentido supere os votos emitidos en sentido contrario. Este será o tipo de maioría aplicable para calquera decisión da Asemblea para a que non se especifique o contrario nos presentes estatutos.

- b) Maioría absoluta: cando o número de votos nun sentido supere a metade dos votos posibles, ou sexa, todos os votos emitidos e as abstencións.
- c) Maioría cualificada: cando o número de votos nun sentido supere os tres quintos dos votos emitidos.

Artigo 21º.- Moción de censura.

1. A moción de censura contra o/a presidente/a, a Xunta de Goberno ou algún dos seus membros só poderá ser tratada en Asemblea xeral extraordinaria convocada para o efecto.
2. A Xunta de Goberno poderá acordar e propor unha moción de censura no tocante a un ou varios dos seus membros.
3. Os/as colexiados/a poderán propor unha moción de censura contra o/a presidente/a, a Xunta de Goberno ou algún dos seus membros, solicitando a realización da Asemblea xeral extraordinaria correspondente, de acordo co especificado no artigo 18º.4 destes estatutos. Neste caso, a Xunta de Goberno está na obriga de convocar inmediatamente, e para que esta teña lugar nun prazo non superior a dous meses, a Asemblea xeral solicitada.
4. A aprobación dunha moción de censura contra membros da Xunta de Goberno implicará o cesamento inmediato dos afectados.
5. A aprobación dunha moción de censura contra a totalidade ou máis da metade dos membros da Xunta de Goberno ou do/da presidente/a implicará o cesamento inmediato de todos os seus membros. Neste caso, e para evitar o baleiro de poder, a mesma Asemblea xeral adoptará un acordo consistente no nomeamento dunha Xunta xestora, que deberá convocar eleccións nun prazo non superior a dous meses. A Xunta xestora, que actuará como Xunta de Goberno provisional, non poderá adoptar outros acordos que os considerados de trámite.
6. Para a aprobación de calquera moción de censura contra o/a presidente/a ou a Xunta de Goberno será necesaria a maioría simple, tal e como se define no artigo anterior.

Artigo 22º.- A Xunta de Goberno.

1. A Xunta de Goberno, que é o órgano executivo e representativo do Colexio, será elixida por votación entre os seus propios membros e constará dun/dunha presidente/a, un/unha secretario/a, un/unha tesoureiro/a e un número de vogais entre dous e catro. Adicionalmente, poderanse incorporar un/unha vicepresidente/a, un/unha vicesecretario/a e un/unha vicetesoureiro/a.
2. A duración dos cargos será de catro anos. Os cargos da secretaría e a tesourería poderán ser retribuídos, sempre e cando desempeñen xornada laboral na sede do Colexio e as súas retribucións deberán ser aprobadas en contía e forma pola Asemblea xeral. Todos os demais cargos son de carácter honorífico, sen prexuízo de que se lles poidan aboar os gastos que lles ocasione o seu exercicio e deberá figurar unha partida para tales conceptos no orzamento anual.
3. Dentro da Xunta de Goberno poderá constituírse unha comisión permanente para atender os asuntos urxentes e aqueles que nesta comisión delegue a Xunta de Goberno. A comisión permanente estará formada polo/pola presidente/a, o/a secretario/a, o/a vicepresidente/a e o/a tesoureiro/a, e estará validamente constituída cando estean presentes polo menos os dous primeiros e un dos dous últimos.

Artigo 23º.- Competencias da Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno ocuparase da dirección e administración do Colexio para o cumprimento dos seus fins, para o que exerce as seguintes competencias:

1. Executar os acordos da Asemblea xeral.
2. Cumprir e facer cumprir os estatutos e a normativa do Colexio, así como os seus propios acordos.

3. Elaborar o orzamento do exercicio seguinte e aprobar o balance do orzamento do exercicio anterior e a memoria de xestión anual, previamente á súa presentación ante a Asemblea xeral, para a súa aprobación se procede.
4. Dirixir a xestión e administración do Colexio para o cumprimento dos seus fins.
5. Manifestar, de forma oficial e pública, a opinión do Colexio nos asuntos de interese profesional.
6. Representar os intereses profesionais ante os poderes públicos, así como velar polo prestixio da profesión e a defensa dos seus dereitos.
7. Presentar estudos, informes e ditames cando lle sexan requiridos, asesorando desta forma os órganos do Estado e calquera entidade pública ou privada. Para estes efectos, a Xunta de Goberno poderá designar comisións de traballo ou designar os membros do Colexio que considere oportuno para preparar os ditos estudos ou informes.
8. Designar, cando proceda legal ou regulamentariamente, os representantes do Colexio nos órganos consultivos das distintas administracións públicas.
9. Acordar o exercicio de accións e a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais.
10. Someter calquera asunto de interese xeral para o Colexio á deliberación e acordo da Asemblea xeral.
11. Regular os procedementos de colexiación, baixa, cobramento de honorarios, pagamento de cotas e outras contribucións, sempre de acordo co establecido nestes estatutos.
12. Regular e exercer as facultades disciplinarias que lle corresponden, aténdose ao establecido nestes estatutos.
13. Organizar actividades e servizos de carácter cultural, profesional, asistencial e de previsión en beneficio dos/das colexiados/as.
14. Crear comisións abertas por iniciativa propia ou a proposta dos/das colexiados/as de acordo co establecido nas normas de réxime interno.
15. Recadar as cotas e contribucións establecidas, executar o orzamento e organizar e dirixir o funcionamento dos servizos xerais do Colexio.
16. Informar os membros do Colexio das actividades e acordos do mesmo.
17. Decidir o nomeamento e cesamento do persoal administrativo e de servizos do Colexio.
18. Acordar a convocatoria de sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea xeral.
19. Acordar a convocatoria para a elección de cargos para a Xunta de Goberno cando así proceda, segundo o que se establece nestes estatutos.
20. Aprobar as actas das sesións.
21. Adquirir ou allear calquera clase de bens do Colexio, segundo o orzamento vixente e aprobado pola Asemblea xeral.
22. A Xunta de Goberno poderá propoñerlle á Asemblea xeral o nomeamento dun ou varios membros do Colexio, en exercicio ou xubilados, para que formen parte da Xunta de Goberno con voz pero sen voto.

Artigo 24º.- Funcionamento da Xunta de Goberno.

1. A Xunta de Goberno reunirse como mínimo cada dous meses, salvo nos meses de xullo e agosto, e sempre que o ordene o/a presidente/a ou o soliciten un mínimo de tres dos seus membros.

2. As convocatorias comunicaranse cunha antelación non inferior a catro días.
3. As sesións da Xunta de Goberno estarán presididas polo/pola presidente/a do Colexio; na súa ausencia polo/pola vicepresidente/a.
4. O/a presidente/a realizará a moderación e coordinación da Xunta, concedendo ou retirando o uso da palabra e ordenando os debates e votacións.
5. O/a secretario/a do Colexio, ou na súa ausencia o/a vicesecretario/a, ou o vogal de menor idade, nesta orde, redactará a acta da sesión.
6. Todos os compoñentes da Xunta de Goberno teñen o dereito e o deber de asistir ás súas sesións con voz e voto.
7. A Xunta de Goberno quedará validamente constituída cando se encontren presentes a totalidade dos membros en primeira convocatoria e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asistentes, sempre que entre eles estean necesariamente o/a presidente/a e o/a secretario/a, ou os seus substitutos. Os seus acordos, en materia das súas competencias, serán vinculantes para todos os compoñentes e membros do Colexio. Entre as dúas convocatorias deberán transcorrer polo menos trinta minutos. Poderá constituírse tamén sen mediación de convocatoria formal cando, atopándose presente a totalidade dos seus integrantes, acepten por unanimidade a súa constitución.
8. Os acordos serán tomados por maioría dos asistentes, con voto de calidade, en caso de empate, do/da presidente/a.
9. Os membros da Xunta de Goberno serán responsables dos acordos adoptados, aínda que non estivesen presentes na reunión na que se adopten, excepto cando na acta quede constancia expresa do seu voto en contra.
10. Causas de baixa na Xunta de Goberno:
 - a) Falecemento.
 - b) Caducidade do mandato.
 - c) Enfermidade que incapacite para o exercicio do cargo.
 - d) Renuncia.
 - e) Aprobación pola Asemblea xeral dunha moción de censura.
 - f) Baixa como membro do Colexio.
 - g) Resolución firme en expediente disciplinario.
 - h) Tres faltas de asistencia consecutivas non xustificadas ou seis discontinuas, igualmente sen xustificar, ás sesións da Xunta de Goberno durante o mandato.
11. É potestade do/da presidente/a invitar ás sesións da Xunta de Goberno, en calidade de asesores ou colaboradores, sen voto, ás persoas que considere oportuno.

Artigo 25º.- Vacantes na Xunta de Goberno.

1. Vacante o posto de presidente/a, exercerá as súas función o/a vicepresidente/a. Vacante o posto de secretario/a, exercerá as súas función o/a vicesecretario/a. Vacante o posto de tesoureiro/a, exercerá as súas función o/a vicesesoureiro/a.
2. Vacante o posto de vicepresidente/a, vicesecretario/a, vicesesoureiro/a, exercerá as súas función un membro da Xunta de Goberno que será elixido polos demais compoñentes da mesma.

3. Vacante o posto de vogal, cubrirase nas seguintes eleccións ordinarias.

4. No caso de vacante de máis da metade dos membros da Xunta de Goberno, e sempre que quede no cargo algún compoñente desta, convocará inmediatamente Asemblea xeral extraordinaria, que adoptará un acordo consistente no nomeamento dunha Xunta xestora, que deberá convocar urxentemente eleccións a todos os cargos. A Xunta xestora, que actuará como Xunta de Goberno provisional, non poderá adoptar outros acordos que os considerados de trámite.

Artigo 26º.- Atribucións do/da presidente/a.

Son atribucións do/da presidente/a as seguintes:

1. Convocar, abrir e rematar as sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea xeral e da Xunta de Goberno, así como presidilas e dirixir as deliberacións que nelas teñan lugar.

2. Convocar as eleccións de membros da Xunta de Goberno.

3. Decidir, co seu voto de calidade, os empates nas votacións.

4. Executar os acordos da Xunta de Goberno.

5. Adoptar, en caso de extrema urxencia, as resolucións necesarias, informando inmediatamente ao órgano correspondente, para a súa ratificación na primeira sesión que teña lugar.

6. Exercer a representación do Colexio e dos seus órganos deliberantes e xestionar os asuntos deste ante autoridades e entidades públicas ou privadas, sen prexuízo de que en casos concretos poida tamén a Xunta de Goberno, no nome do Colexio, encomendar as ditas funcións a determinados membros do mesmo ou comisións constituídas.

7. Coordinar as actuacións dos membros da Xunta de Goberno, sen prexuízo da competencia e responsabilidade directa destes na súa xestión.

8. Visar todas as certificacións que expida o secretario ou secretaria.

9. Autorizar os libramentos ou ordes de pagamento.

10. Lexitimar coa súa sinatura os libros de contabilidade e calquera outro de natureza oficial, sen prexuízo das legalizacións establecidas pola lei.

11. Visar os informes e comunicacións que oficialmente dirixa o Colexio ás autoridades e entidades públicas ou privadas.

12. Autorizar o movemento de fondos das contas correntes ou de aforro do Colexio, unindo a súa sinatura á do/da tesoureiro/a.

13. Por acordo expreso da Xunta de Goberno, poderá outorgar poder a favor de procuradores/as dos tribunais e de letrados/as no nome do Colexio, para a representación preceptiva ou potestativa deste ante calquera órgano administrativo ou xurisdiccional no que se refire a accións, excepcións, recursos, incluíndo o de casación, e demais actuacións que se teñan que levar a cabo ante estes, en defensa tanto do Colexio como da profesión.

14. Interpor as accións que procedan para o cobro de honorarios non satisfeitos aos/ás colexiados/as, de conformidade cos actuais estatutos.

15. Para o cumprimento dos fins citados, e calquera outro que lle fose encomendado, gozará de plena autoridade, e as súas resolucións serán cumpridas sen prexuízo das reclamacións que contra aquelas poidan interpoñerse polas canles que establece a lei.

Artigo 27º.- Atribucións do/da vicepresidente/a.

O/a vicepresidente/a substituirá o/a presidente/a nos casos de ausencia ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno ou delegue nel o/a presidente/a, tras o coñecemento pola Xunta de Goberno da referida delegación, como aquelas que lle correspondan en calidade de membro da Xunta de Goberno. No caso de vacante do/da presidente/a, substituirao/a ata a toma de posesión do/da novo/a presidente/a elixido/a.

Artigo 28º.- Atribucións do/da secretario/a.

Correspóndenlle ao/á secretario/a as atribucións seguintes:

1. Redactar e dar fe das actas das sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea xeral e da Xunta de Goberno.
2. Custodiar a documentación do Colexio e os expedientes dos membros.
3. Expedir as certificacións de oficio ou a instancia de parte interesada, co visto e prace do/da presidente/a.
4. Expedir e tramitar comunicacións e documentos e informar destes á Xunta de Goberno e ao órgano competente que corresponda.
5. Exercer a xefatura do persoal administrativo e dos servizos necesarios para a realización das funcións colexiais, así como organizar materialmente os servizos administrativos.
6. Formar parte da comisión de visados designada pola Xunta de Goberno, asinar os visados que se efectúen, levar o rexistro dos visados de traballos profesionais e denegar o visado cando se incumpran as súas normas reguladoras.
7. Redactar a memoria de xestión anual, para que sexa aprobada pola Xunta de Goberno e pola Asemblea xeral.
8. Aquelas que lle correspondan en calidade de membro da Xunta de Goberno e as que sexan propias da súa función e necesarias para o seu bo desempeño.

Artigo 29º.- Atribucións do/da vicesecretario/a.

O/a vicesecretario/a substituirá o/a secretario/a nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno ou delegue nel o/a secretario/a, tras o coñecemento pola Xunta de Goberno da referida delegación. Así mesmo, aquelas que lle correspondan en calidade de membro da Xunta de Goberno.

Artigo 30º.- Atribucións do/da tesoureiro/a.

Correspóndenlle ao/á tesoureiro/a as atribucións seguintes:

1. Recadar e custodiar os fondos pertencentes ao colexio, dos cales será responsable.
2. Asinar recibos, efectuar cobramentos e realizar os pagamentos ordenados polo/pola presidente/a.
3. Dar conta á Xunta de Goberno dos membros do Colexio que non estean ao día nos pagamentos, para que se lles reclamen as cantidades debidas ou se aprobe a tramitación da súa baixa, de acordo co que establece o artigo 13º destes estatutos.
4. Redactar o anteproxecto de orzamento do Colexio, para a súa elaboración pola Xunta de Goberno.
5. Facer o balance do orzamento do exercicio anterior, para que sexa aprobado pola Xunta de Goberno.
6. Propor á Xunta de Goberno os proxectos de habilitación de créditos, suplementos e variacións de ingresos cando sexa necesario.

7. Levar os libros de contabilidade correspondentes.
8. Verificar os arqueos que a Xunta de Goberno considere necesarios.
9. Levar o inventario minucioso dos bens do Colexio, dos que será o seu administrador.
10. Aquelas que lle correspondan en calidade de membro da Xunta de Goberno.

Artigo 31º.- Atribucións do/da viceteseiro/a.

O/a viceteseiro/a substituirá o/a teseiro/a nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno ou delegue nel/nala o/a teseiro/a, tras o coñecemento pola Xunta de Goberno da referida delegación. Así mesmo, realizará as funcións que lle correspondan en calidade de membro da Xunta de Goberno.

Artigo 32º.- Atribucións dos/das vogais.

Serán atribucións dos/das vogais as seguintes:

1. Desempeñar todos os cometidos que lles sexan conferidos pola Asemblea xeral, a Xunta de Goberno ou polo/pola presidente/a.
2. Colaborar cos titulares dos restantes cargos da Xunta de Goberno e substituílos nas súas ausencias, vacantes ou enfermidades, de acordo co establecido nos presentes estatutos.

Capítulo II. Do réxime económico e administrativo.

Artigo 33º.- Capacidade xurídica no ámbito económico e patrimonial.

O Colexio ten plena capacidade xurídica no ámbito económico e patrimonial.

O Colexio deberá contar cos recursos necesarios para atender os fins e funcións encomendados e as solicitudes de servizos dos membros, polo cal quedan estes obrigados a contribuír ao sustento dos gastos correspondentes na forma regulamentaria.

O patrimonio do Colexio é único.

Artigo 34º.- Recursos económicos do Colexio.

Os recursos económicos do Colexio poderán ser ordinarios ou extraordinarios.

1. Recursos ordinarios.

Constitúen os recursos ordinarios do Colexio:

- a) As cotas de incorporación e reincorporación.
- b) A cota anual ordinaria, igual para todos os seus membros, sen prexuízo do establecido nos estatutos ou noutra normativa.
- c) As cotas extraordinarias aprobadas pola Asemblea xeral.
- d) Os dereitos de canon de visado.
- e) As recargas por demora no pagamento de calquera concepto, de acordo co que se estableza regulamentariamente.
- f) Os procedentes das rendas ou intereses de toda clase que produzan os bens ou dereitos que integren o patrimonio do Colexio.

- g) Os ingresos que se obteñan polas publicacións que se realicen, así como os provenientes de matrículas de cursos e seminarios e demais conceptos análogos.

2. Recursos extraordinarios.

- a) As subvencións, donativos, herdanzas ou legados que lle concedan ao colexio as administracións públicas, entidades públicas ou privadas, colexiados/as e outras persoas xurídicas ou físicas.
- b) Os bens mobles ou inmobles que, por herdanza, doazón ou calquera outro título, entren a formar parte do capital do Colexio, e as rendas e froitos dos bens e dereitos de todas as clases que posúa.
- c) A obtención de créditos públicos ou privados, hipotecas dos seus bens ou calquera outro recurso conseguido por necesidade ou utilidade, tras o acordo expreso da Xunta de Goberno, nos límites establecidos na normativa que lles sexa de aplicación ás administracións públicas.
- d) Os dereitos por estudos, informes e ditames que emita a Xunta de Goberno ou as comisións nas que aquela delegue a súa realización.
- e) Os dereitos por utilización dos servizos que a Xunta de Goberno estableza.
- f) As cantidades que por calquera outro concepto non especificado poida percibir o Colexio.

3. As recadacións dos recursos económicos son competencia da Xunta de Goberno, sen prexuízo das facultades que por expreso acordo poida delegar.

Artigo 35º.- Orzamento anual.

O orzamento anual do Colexio, que terá un carácter simplemente estimativo, será elaborado pola Xunta de Goberno, de conformidade cos principios de eficacia, equidade e economía, e incluírá a totalidade dos ingresos e dos gastos, coincidindo co ano natural. Tras o informe anticipado aos membros do Colexio, será sometido á aprobación pola Asemblea xeral, de acordo co disposto nos presentes estatutos. Mentres non se aprobe o orzamento, quedará prorrogado o aprobado para o ano anterior, a razón de 1/12 por mes.

Artigo 36º.- Gastos.

Os gastos do Colexio serán os orzados, sen que poida ser efectuado ningún pagamento non previsto no orzamento aprobado no ano anterior, salvo en casos debidamente xustificados, que deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno e, posteriormente, pola Asemblea xeral.

Artigo 37º.- Censores de contas.

1. Cando se produza a renovación total ou parcial dos órganos directivos, na Asemblea xeral anterior e como punto expreso na orde do día, e sempre que sexa solicitado por alomenos algún/algunha colexiado/a, serán elixidos/as por sorteo, de entre todos os membros do Colexio, tres censores/as de contas. Tamén serán elixidos tres suplentes. Serán incompatibles coa antedita elección os membros da Xunta de Goberno. Nestes casos e de conformidade co artigo 32 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, o Colexio deberá ser auditado, sen prexuízo da función fiscalizadora que lles corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para iso.

2. A Xunta de Goberno, unha vez aprobado o balance orzamentario do exercicio anterior, convocará os/as censores/as de contas para unha data determinada e porá á súa disposición o balance orzamentario, os libros de contas, os xustificantes de ingresos e gastos e cantos documentos se consideren necesarios, coa finalidade de informar sobre os extremos da súa actuación.

3. A convocatoria para o día da censura de contas será cursada nun prazo non inferior a quince días. A censura de contas realizarase no día sinalado e o informe da dita censura será único e por escrito, sen prexuízo de que cada censor/a poida redactar un voto particular sobre un ou varios dos asuntos recollidos no informe.

4. A Xunta de Goberno prestará todo o apoio material e humano necesario para que a Xunta de censores poida exercer adecuadamente as súas funcións. Así mesmo, o/a tesoureiro/a estará ao seu dispor para todas as aclaracións, explicacións ou comentarios que aqueles poidan requirir.

5. O informe redactado pola Xunta de censores entregárase á Xunta de Goberno, que o remitirá a todos os membros do Colexio xunto coa convocatoria da Asemblea xeral en que vaia ser aprobado o balance orzamentario do exercicio anterior.

6. A Xunta de censores poderá solicitar o asesoramento dun auditor externo para a boa realización das funcións encomendadas, cando así o estime oportuno a Asemblea xeral.

Artigo 38º.- Liquidación de bens.

En caso de disolución do Colexio, e segundo o disposto no artigo 61º, a Xunta de Goberno actuará como comisión liquidadora e someterá á Asemblea xeral propostas de destino dos bens sobrantes, unha vez liquidadas as obrigas pendentes.

TÍTULO IV. Do réxime electoral.

Artigo 39º.- Disposición xeral.

A elección dos membros da Xunta de Goberno do Colexio farase por sufraxio universal, libre, directo e secreto. O voto é indelegable e poderá exercerse persoalmente ou por correo.

Artigo 40º.- Electores e elixibles.

1. Para os cargos da presidencia, vicepresidencia, secretaría, vicesecretaría, tesourería, vicetesourería e de vogais serán electores todos os membros do Colexio que figuren como tales no censo electoral do mesmo.

2. Non poderán ser electores e excluíranse do censo:

- a) Os que, en virtude de expediente sancionador, estivesen suspendidos no exercicio profesional ou fosen privados ou inhabilitados para o desempeño de cargos directivos, mentres dure a suspensión, privación ou inhabilitación.
- b) Os que, ao ser aprobado o censo electoral definitivo, non se encontren ao día das cotas e/ou doutras obrigas económicas que o Colexio ten dereito a percibir.

3. Serán elixibles os membros do Colexio que teñan a condición de electores e reúnan os seguintes requisitos:

- a) Para o cargo da presidencia, secretaría e tesourería, os que leven cando menos un ano de colexiación.
- b) En todos os casos deberán estar ao corrente das obrigas durante os dous últimos anos.

Artigo 41º.- Convocatoria.

1. A convocatoria a eleccións deberá acordala expresamente a Xunta de Goberno e anunciarla no taboleiro de anuncios das oficinas do Colexio e mediante carta dirixida aos/ás electores/as. A convocatoria conterá necesariamente:

- a) Os cargos aos que a elección se refira.
- b) A súa convocatoria, na que se determinará lugar, día e hora para as eleccións.
- c) O calendario electoral, no que como mínimo se cumprirán os seguintes prazos: serán convocadas con dous meses de antelación ao remate do mandato de Xunta de Goberno actual; para a

presentación de candidaturas o prazo mínimo será de quince días; e a convocatoria para a celebración da Asemblea xeral farase con quince días hábiles de antelación.

Na notificación dirixida a cada elector/a farase constar, se é o caso, a cantidade exacta que este puidese deberlle ao Colexio e calquera circunstancia que poida impedir a súa participación no proceso.

2. A convocatoria deberá ser remitida con cinco días de antelación como mínimo ao día sinalado no calendario para a publicación do censo electoral.

Artigo 42º.- Xunta electoral.

1. A Xunta electoral será elixida por sorteo, de entre todos/todas os/as Colexiados/as, pola Asemblea xeral cada catro anos. Esta elección será punto expreso da orde do día e consideraranse incompatibles para a devandita elección aos membros da Xunta de Goberno. Estará composta de tres membros titulares e seis suplentes.

2. Os membros da Xunta electoral serán convocados polo/pola presidente/a por carta certificada, fax ou telegrama, para a realización do acto de constitución. Reunida a Xunta electoral no lugar, día e hora fixados, redactarase unha acta de constitución, así como da aceptación e toma de posesión dos cargos, que será inmediata. Os tres membros do Colexio que formen a Xunta electoral elixirán de entre eles e por eles mesmos os cargos de presidente/a, secretario/a e vogal da Xunta.

3. Coa acta de constitución e o censo abrírase o expediente electoral, ao que se irán agregando as actas de cada reunión da Xunta electoral. O expediente electoral estará baixo a custodia do/da secretario/a da Xunta electoral, quen o conservará ata tres meses despois de realizadas as eleccións de non se producir ningún recurso e, se é o caso, ata a resolución firme dos recursos que se producisen.

4. Non poderán formar parte da Xunta electoral os que presenten a súa candidatura a calquera dos cargos sometidos a elección. Procederáse, nese caso, á súa substitución polo primeiro suplente, no momento no que fose presentada a candidatura.

5. A Xunta electoral reunirse todas as veces que se considere conveniente a xuízo do/da seu/súa presidente/a ou de dous dos seus membros. En todo caso, as sesións serán convocadas polo/pola seu/súa presidente/a por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción. Substituirá o/a secretario/a ao/á presidente/a, no exercicio desta e doutras competencias, cando este/esta non poida actuar por causa xustificada. A asistencia ás reunións é obrigatoria para os membros da xunta debidamente convocados; incorrerán estes en responsabilidade se deixan de asistir sen escusarse e xustificarse oportunamente con anterioridade. O lugar de reunión será a sede do Colexio.

6. A Xunta electoral quedará validamente constituída coa asistencia de polo menos dous dos seus compoñentes. A asistencia non poderá delegarse. Os acordos tomaranse por maioría dos presentes, sen voto de calidade do/da presidente/a. De toda reunión o secretario da Xunta electoral redactará a correspondente acta, que se aprobará ao final de cada reunión e asinarán todos os asistentes.

7. A Xunta de Goberno asesorará a Xunta electoral en todo o que por esta sexa requirida e facilitaralle todos os medios materiais, de oficina, secretaría, etc., que precisen.

8. Os membros da Xunta electoral desenvolverán o seu labor gratuitamente, pero serán resarcidos polo Colexio de todos os gastos que o seu nomeamento e exercicio do cargo lles cause.

9. A Xunta electoral poderá organizar o uso das dependencias colexiais para actos electorais, previa petición das candidaturas aceptadas.

Artigo 43º.- Fins e funcións da Xunta electoral.

Ademais das competencias mencionadas, correspóndelle á Xunta electoral:

- a) Garantir a transparencia e obxectividade do proceso electoral e do principio de igualdade, observando e facendo observar a presente normativa.

- b) Resolver as queixas, reclamacións e recursos que se presenten de acordo coa presente norma.
- c) Denunciar ante a Xunta de Goberno as actuacións que ao seu xuízo merezan corrección disciplinaria.
- d) Constituírse en Mesa electoral e velar pola pureza das eleccións.

Artigo 44º.- Censo electoral.

1. As listas electorais ou censo deberán ser supervisadas pola Xunta de Goberno e serán expostas no taboleiro de anuncios das oficinas do Colexio dende o día da publicación.
2. A Xunta electoral recibirá o censo electoral o mesmo día da súa constitución e estará ao seu cargo a partir de entón.
3. Contra a inclusión ou exclusión no censo electoral, os membros do Colexio, sexan ou non electores, poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas nos prazos que se fixen no calendario electoral. Estas reclamacións serán resoltas pola Xunta electoral dentro do terceiro día hábil seguinte á súa presentación.
4. A Xunta de Goberno deberá facilitar inmediata e constantemente todos aqueles datos que precise a Xunta electoral.
5. Resoltas as reclamacións ao censo, a Xunta electoral confeccionará o censo electoral definitivo sobre a base do entregado pola Xunta de Goberno. Un exemplar deste será enviado a todas as candidaturas aceptadas, cun mínimo de dez días de antelación á celebración da Asemblea xeral.

Artigo 45º.- Candidaturas.

1. Os/as colexiados/as que, tras reuniren a calidade de elixibles, aspiren a ser proclamados/as candidatos/as, presentarán a súa candidatura no rexistro do Colexio ou por carta certificada dirixida á Xunta electoral, dentro do prazo sinalado no calendario electoral.
2. As candidaturas presentaranse en forma de listas cerradas e levarán polo menos o nome dos/das candidatos/as e os cargos aos que se presentan. Cada aspirante só poderá ser candidato/a a un único cargo.
3. Serán nulas as candidaturas que non reúnan os requisitos desta normativa.
4. A Xunta electoral solicitaralles aos/ás candidatos/as as aclaracións que considere precisas e proclamará as candidaturas aceptadas no prazo fixado no calendario electoral. O dito prazo non poderá exceder dos dez días.
5. Contra a aceptación ou rexeitamento de candidaturas poderase interpor recurso perante a Xunta electoral no prazo sinalado no calendario, que deberá ser resolto dentro do terceiro día hábil seguinte á presentación do recurso.

Artigo 46º.- Mesa electoral.

1. A Mesa electoral constituirase, cos mesmos compoñentes e cargos da Xunta electoral, o día da realización de eleccións e antes de comezar a votación, de todo o cal se redactará a acta correspondente.
2. As candidaturas poderán nomear un/unha interventor/a, que sexa elector/a non candidato/a, para os únicos efectos de asistir á votación e recuento de votos. O nomeamento deberá facerse por escrito, asinado pola candidatura e coa aceptación do/da interventor/a, antes do comezo das votacións e entregado á Mesa electoral.
3. De non se presentar máis que unha candidatura, non se realizará a votación e será innecesaria a constitución da Mesa electoral. Daquela, a Xunta electoral procederá a proclamar como elixida a candidatura, respectando os prazos establecidos para efectos de posibles impugnacións.

Artigo 47º.- Votación.

1. O dereito a votar acreditarase pola constancia do votante no censo electoral e a demostración da súa identidade co seu DNI ou pasaporte.
2. Nas dependencias onde se realice a votación estarán expostas as candidaturas proclamadas, así como papeletas e sobres en cantidades suficientes.
3. As papeletas e sobres que teñen que contelas deberán ser iguais. Haberá tantas clases de papeletas como candidaturas saian a elección.
4. Nas papeletas farase constar os cargos que se votan e debaixo o nome e apelidos dos/das candidatos/as.
5. O voto poderá emitirse por correo certificado e de forma individual. Para a súa validez, deberá ser recibido no sitio determinado no calendario electoral ata o día anterior ao sinalado para a votación.
6. A Xunta electoral enviará con tempo suficiente a cada un dos/das electores/as as normas para o voto por correo, as candidaturas presentadas e as papeletas e sobres suficientes para que, o que non poida votar en persoa, poida facelo por correo.
7. O voto por correo deberá cumprir o seguinte:
 - a) Os sobres que conteñan as candidaturas correspondentes introducíranse no sobre que se envíe por correo, que poderá ser de calquera formato.
 - b) O sobre de correos conterá, ademais dos sobres das candidaturas, a fotocopia do DNI do/da elector/a, asinada en orixinal polo titular.
8. O día de celebración da Asemblea de eleccións non se poderá realizar ningunha propaganda electoral.

Artigo 48º.- Escrutinio.

1. Á hora sinalada para a finalización das eleccións, o/a presidente/a da mesa anunciará que vai concluír a votación e non se permitirá a entrada ao local a ningunha persoa máis, procedendo a votar os presentes que non o fixesen aínda. Posteriormente, desaloxarase a toda persoa allea á Xunta electoral e que non actúe como interventor. De seguido, procederase a introducir na urna os sobres que conteñan as papeletas de voto emitidas por correo, tras comprobar os datos do DNI no censo. Por último, votarán os membros da mesa e os interventores.
2. O/a presidente/a procederá á lectura dos votos extraendo un a un os sobres da urna, abrindoos e lendo en voz alta o nome da candidatura votada, comunicándollo ao resto da mesa e aos/ás interventores/as.
3. Serán nulas as papeletas:
 - a) Que conteñan emendas, rascaduras, notas ou comentarios.
 - b) Toda papeleta que non se corresponda coa facilitada polo Colexio.
 - c) Se nun mesmo sobre houberse máis dunha papeleta, todas elas serán nulas, salvo que sexan iguais, que se contabilizarán como unha soa.
 - d) O voto por correo que non reúna os requisitos establecidos ou que, ao comprobar o censo, resulte que o remitente xa votase persoalmente.
 - e) O voto por correo recibido por conduto diferente ao establecido.
4. Feito o recuento de votos, o/a presidente/a preguntará se hai algunha reclamación que facer sobre o escrutinio, e resolverá a Mesa electoral por maioría.

5. Por último, o/a presidente/a anunciará publicamente o resultado, especificando o número de votantes, o de papeletas lidas, o de papeletas válidas e o de papeletas en branco, o de papeletas nulas e o número de votos obtidos por cada candidatura. Será proclamada a candidatura que máis votos obteña; en caso de empate terá lugar unha segunda volta electoral entre as candidaturas empatadas. Dos resultados estenderase certificación aos/ás interventores/as e candidaturas que o soliciten.

6. As papeletas, en presenza dos asistentes, serán destruídas, con excepción das declaradas nulas ou as que fosen obxecto dalgunha reclamación, que se unirán á acta correspondente asinada por todos os compoñentes da mesa e interventores e engadiranse de seguido ao expediente electoral. Tamén se unirán á acta as fotocopias do DNI asinadas que acompañaban os votos por correo.

Artigo 49º.- Recursos.

Contra a denegación dos recursos escritos ou reclamacións presentadas á Mesa electoral quedará esgotada a vía colexial, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

TÍTULO V. Do réxime disciplinario.

Artigo 50º.- Réxime disciplinario.

1. O Colexio sancionará todos aqueles actos dos seus membros que constitúan infracción culpable dos presentes estatutos, normativa ou dos acordos tomados polas Asembleas xerais e de goberno.

Artigo 51º.- Faltas.

1. As faltas polas que disciplinariamente poderá sancionarse aos membros do Colexio clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Son faltas leves:

- a) A falta de dilixencia no cumprimento das normas estatutarias.
- b) As infraccións leves dos deberes que a profesión impón.
- c) A falta de respecto aos membros da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións, cando non sexa constitutiva dunha falta grave ou moi grave.
- d) As faltas reiteradas de asistencia, por causa non xustificada, ás reunións da Xunta de Goberno e a non aceptación inxustificada do desempeño dos cargos corporativos que se lle encomenden.
- e) O incumprimento dos deberes e obrigas dos/das colexiados/as, sempre que non deban ser clasificados como falta grave ou moi grave.
- f) Os actos relacionados no apartado 3, cando non teñan entidade suficiente para ser considerados como graves.

3. Son faltas graves:

- a) As ofensas graves á dignidade da profesión ou ás regras que a gobernan.
- b) O incumprimento reiterado no pagamento de calquera tipo de cotas.
- c) A reincidencia en incorreccións que reiteradamente fagan desmerecer o concepto público do/da colexiado/a para o exercicio da profesión.

- d) Encargarse de traballos profesionais que o/a Colexiado/a coñeza que foron encomendados con anterioridade a outro/outra compañeiro/a, sen obter previamente o permiso deste ou do Colexio.
- e) A comisión reiterada de infraccións leves, entendendo por reiteración a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así teña sido declarado por resolución firme en vía corporativa.
- f) As faltas de respecto e os atentados contra a dignidade ou a honra dos/das compañeiros/as con ocasión do exercicio profesional, así como contra as persoas que desempeñan cargos no Colexio cando actúen no exercicio das súas funcións.
- g) O encubrimento do intrusismo profesional, ou a colaboración co exercicio de actividades propias da profesión de Enxeñaría en Informática por quen non reúna a debida aptitude.
- h) O incumprimento dos deberes colexiais e profesionais da Enxeñaría en Informática determinados na normativa deontolóxica vixente.
- i) A realización de traballos profesionais con omisión do preceptivo visado colexial.
- j) O falseamento ou inexactitude grave da documentación profesional; e a ocultación ou simulación de datos que o Colexio deba coñecer para exercer as funcións de control profesional ou para o reparto equitativo das cargas colexiais.
- k) A realización de traballos ou intervencións profesionais que pola súa índole atenten contra o prestixio profesional, ou que a súa execución non cumpra as normas establecidas polas leis ou polo Colexio.

4. Merecerán a cualificación de faltas moi graves as infraccións reputadas como graves nas que conorra algunha circunstancia como: intencionalidade; negligencia profesional inescusable; desobediencia reiterada dos acordos colexiais; dano ou prexuízo grave ao cliente ou terceiros; obtención de lucro ilexítimo mercé a actuación ilícita; atoparse no exercicio de cargo público ou colexial ao cometer a infracción, cando exista utilización desta condición; así como ter sido sancionado con anterioridade, por resolución colexial firme non cancelada a causa de infracción grave.

Artigo 52º.- Sancións.

As sancións que poidan imporse serán:

- a) Apercibimento verbal.
- b) Apercibimento por escrito.
- c) Reprensión privada.
- d) Reprensión pública.
- e) Inhabilitación para o exercicio de cargos corporativos.
- f) Suspensión temporal do exercicio profesional por un período non superior a dous anos.
- g) Suspensión temporal do exercicio profesional por un período de entre dous anos e un día e catro anos.
- h) Expulsión do Colexio.

As tres primeiras sancións aplicaranse pola comisión de faltas leves; as tres seguintes ás faltas graves; e as dúas últimas ás moi graves.

As sancións incluídas nos apartados e), f), g) e h), suporán a accesoria suspensión dos dereitos colexiais polo tempo da súa duración, así como o cesamento nos cargos colexiais que se exerzan.

Artigo 53º.- Prescricións.

1. As infraccións prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As que constitúan faltas leves prescribirán aos seis meses.
- b) As que estean tipificadas como faltas graves aos dous anos.
- c) As que estean tipificadas como faltas moi graves aos tres anos.

2. As sancións prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As leves aos seis meses.
- b) As graves aos dous anos.
- c) As moi graves aos catro anos.

3. Os prazos de prescrición das infraccións contaránse dende o momento da comisión da infracción e os das sancións dende o día seguinte a que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. A prescrición das infraccións interromperase por calquera acto colexial expreso e manifesto dirixido a investigar a presunta infracción. Así mesmo, a realización de calquera acto colexial expreso e manifesto de execución da sanción interromperá o seu prazo de prescrición.

4. A cancelación supón a anulación do antecedente sancionador a todos os efectos. As sancións leves cancelaranse ao ano; as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.

Artigo 54º.- Procedemento sancionador.

1. Corresponde ao/á presidente/a a incoación de expediente disciplinario cando existan elementos suficientes para cualificar os feitos como infracción, a iniciativa propia, por petición razoada de calquera membro da Xunta de Goberno ou por denuncia. E corresponderá ao/á secretario/a a instrución do citado expediente.

2. No expediente que se instrúa oírase ao afectado, quen poderá facer alegacións e achegar, ao mesmo tempo, todas aquelas probas que considere convenientes na súa defensa. Ultimado o devandito expediente, o/a instructor/a, xunto coa proposta de sanción, dirixirallo ao/á presidente/a, para a súa resolución e acordo.

4. No expediente que se instrúa serán aceptados todos os medios de proba admisibles en dereito, correspondéndolle ao/á instructor/a a práctica das probas que, sendo propostas, estime oportunas ou as que el/ela mesmo/a poida acordar. Das audiencias e probas practicadas deberá existir constancia escrita no expediente.

5. Concluída a instrución do expediente disciplinario, o/a instructor/a elevarao, coa correspondente proposta de resolución, ao órgano disciplinario, ante o cal se concederá ao/á expedientado/a novo trámite de audiencia, para que poida alegar canto estime oportuno ou conveniente en dereito.

6. Este procedemento disciplinario poderá ser desenvolvido de conformidade co disposto nestes estatutos.

Artigo 55º.- Recursos contra sancións.

Contra unha sanción disciplinaria de calquera tipo imposta polo/a presidente/a poderase interpor, no prazo dun mes, recurso de reposición; contra a resolución expresa ou por silencio administrativo, caberá o correspondente recurso contencioso-administrativo, segundo a vixente lei xurisdiccional.

TÍTULO VI. Réxime xurídico dos actos colexiais.

Artigo 56º.- Réxime xurídico dos actos colexiais.

1. Os acordos e normas colexiais serán publicados mediante a súa inserción no boletín do Colexio, así como co envío do escrito de notificación ou da acta correspondente aos/ás colexiados/as, de forma que poidan ser coñecidos por todos os eles, e sempre nos taboleiros de anuncios do Colexio durante o prazo dun mes.

2. Así mesmo, a Xunta de Goberno deberá notificar aqueles actos que afecten dereitos e intereses dos destinatarios dos anteditos acordos.

3. Os actos emanados dos órganos do Colexio, en canto estean suxeitos ao dereito administrativo, serán inmediatamente recorribles ante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición, de acordo co que dispoña a lexislación estatal que regula as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Consideraranse, en todo caso, como funcións públicas do Colexio o control das condicións de ingreso na profesión, a evacuación de informes preceptivos, o visado de proxectos e a potestade disciplinaria.

4. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aplicarase, así mesmo, de forma supletoria en todo o non previsto pola lexislación xeral sobre colexios e polos presentes estatutos.

Artigo 57º.- Tipos de recursos.

1. Contra os acordos emanados dos órganos do Colexio poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a partir da súa comunicación ou contencioso-administrativo no prazo de dous meses, sen que ambos recursos poidan simultanearse. O recurso de reposición deberá ser resolto no prazo dun mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.

2. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo.

Artigo 58º.- Nulidade dos actos dos órganos colexiais.

1. Son nulos de pleno dereito os actos dos órganos colexiais en que se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Os que lesionen o contido esencial dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total ou absolutamente do procedemento legal establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiais.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos, cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- g) Calquera outro que estableza expresamente algunha disposición de rango legal.

2. Tamén serán nulas de pleno dereito as disposicións colexiais que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de carácter xeral, as que regulen materias reservadas a lei e as que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais.

3. Son anulables os actos que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.

Artigo 59º.- Suspensión dos actos dos órganos colexiais.

1. Sen prexuízo das atribucións que a lexislación outorga aos órganos xudiciais en materia de suspensión de actos das corporacións profesionais, sexa ou non por petición de calquera membro do Colexio, están obrigados a suspender os actos propios ou de órgano inferior que consideren nulos de pleno dereito:

- a) A Asemblea xeral.
- b) A Xunta de Goberno.
- c) O/a presidente/a.

2. Os acordos de suspensión deberán adoptalos a Asemblea xeral, a Xunta de Goberno e o/a presidente/a no prazo de cinco días, que se contarán dende a data en que tivesen coñecemento dos actos considerados nulos, sempre que previamente se iniciase un procedemento de revisión de oficio ou se interpuxese recurso e concorran as circunstancias previstas pola lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para a nulidade destes actos.

TÍTULO VII. Reforma dos estatutos.

Artigo 60º.- Reforma dos estatutos.

- 1. A reforma destes estatutos só poderá tratarse en Asemblea xeral extraordinaria convocada a tal efecto.
- 2. Non se admitirá o voto por correo.
- 3. Os promotores da reforma exporán na Asemblea xeral extraordinaria as causas que a motivan.
- 4. Esixirase maioría absoluta para a aprobación da reforma dos estatutos.

TÍTULO VIII. Transformación e disolución do Colexio.

Artigo 61º.- Segregación, absorción, fusión ou disolución do Colexio.

- 1. A segregación, absorción, fusión ou disolución do Colexio só poderá tratarse en Asemblea xeral extraordinaria convocada a tal efecto. Quedará validamente constituída cando asistan en primeira, ou no seu caso, segunda convocatoria, o 50 por cento dos/das colexiados/as con dereito a voto no momento da convocatoria.
- 2. Esixirase maioría cualificada para a aprobación dunha segregación, absorción, fusión ou disolución do Colexio, non admitíndose voto delegado nin por correo.
- 3. A absorción, fusión, segregación ou disolución deberá ser aprobada mediante decreto ou lei de conformidade cos artigos 14, 15 e 29 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4. En caso de disolución do Colexio, a Xunta de Goberno actuará como comisión liquidadora, sometendo á Asemblea xeral a proposta de destino dos bens sobrantes, unha vez liquidadas as obrigacións pendentes, adxudicándollos a calquera entidade non lucrativa que cumpra funcións relacionadas cos fins do Colexio.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Sociedades Profesionais

O/a Enxeñeiro/a en Informática que exerza como profesional liberal, pode desempeñar a súa actividade como persoa física, ou ben a través dunha Sociedade Profesional, para o que se deberá inscribir no Rexistro Colexial de Asociacións Profesionais, en cumprimento da Lei 2/2007, de 15 de marzo, de Sociedades Profesionais